



1ª ADDENDA AO CONTRATO-PROGRAMA DE DATA 1 DE XANEIRO DE 2014 ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061, POLA QUE SE MINORA O IMPORTE MÁXIMO ESTABLECIDO PARA O ANO 2015.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2015

## REUNIDOS

Dunha parte, D. Antonio Fernández-Campa García-Bernardo, xerente do Servizo Galego de Saúde, actuando en nome e representación deste, en uso das atribucións delegadas de conformidade co establecido no artigo 1, punto K) da Orde do 5 xullo de 2012 (DOG nº 139 do 20 de xullo), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde.

Doutra parte, **D. José Antonio Iglesias Vázquez**, con DNI núm. 09369390-H, Director da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 (en adiante FPUSG-061), actuando en nome e representación desta, resultando as súas facultades xenéricas da escritura de poder outorgada ao seu favor o 23 de outubro de 2009 perante o notario de Santiago de Compostela, D. Álvaro Moure Goyanes co nº 1.463 do seu protocolo.

Ambas as partes recoñécense capacidade legal suficiente para formalizar o presente documento e para o efecto

## EXPOÑEN:

1. O 1 de xaneiro de 2014 asinouse o contrato-programa entre o Servizo Galego de Saúde e a F.P.U.Sanitarias de Galicia-061 no que se establecen as bases da coordinación e prestación de servizos sanitarios urxentes por parte da Fundación, de conformidade cos criterios de planificación do Servizo Galego de Saúde e coas necesidades dos usuarios.
2. Segundo a cláusula novena a duración do citado contrato-programa será de dous anos. O importe para o ano 2015 era de 43.138.383,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 5001 412A 443.12





3. Na Lei 11/2014, do 19 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015 aparece o importe de 42.471.176,00 € na aplicación orzamentaria 5001 412A 443.12.
4. De acordo co anterior, faise necesario minorar o importe máximo previsto para o ano 2015 no citado contrato-programa.

Polo que ambas partes acordan subscribir a presente addenda con suxeición ás seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira

Minorar o importe establecido inicialmente para o financiamento da actividade a desenvolver pola FPUSG-061 durante o ano 2015 en 667.207,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 5001 412A 443.12

### Segunda

Como consecuencia o importe máximo da actividade a realizar pola fundación no para o ano 2015 será de 42.471.176,00€.

Polo Servizo Galego de Saúde

Pola Fundación Pública Urgencias  
Sanitarias de Galicia -061

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo

José Antonio Iglesias Vázquez

